



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### NEDA

*Aprobación do Plan económico financeiro do Concello de Neda 2026-2027*

#### ANUNCIO

O Pleno do Concello de Neda, en sesión ordinaria do día 25 de maio de 2026, acordou a aprobación do Plan Económico Financeiro do Concello de Neda para o período 2026-2027.

En cumprimento do previsto no artigo 23.4 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e o artigo 26.1 do Real Decreto Legislativo 1463/2007, publícase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o texto íntegro do Plan a efectos meramente informativos, cuxo texto se transcribe a continuación:

**Asunto:** Plan Económico Financeiro 2026-2027 Concello de Neda

**Expediente en TEdC:** 2026/T016/000001

#### 1. Introducción. Necesidade do Plan

A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos das entidades locais someteranse aos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, coherente coa normativa europea e de conformidade co establecido nos artigos 3, 4, 11, 12 e 13 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (LOEPSF).

Entenderase por Estabilidade Orzamentaria das administracións públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural. Segundo o estipulado nos artigos 11.2 e 11.4 da LOEOSF, as Corporacións Locais non poderán presentar déficit estrutural, definido como déficit axustado ao ciclo, debendo manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

Da mesma forma deberase cumprir co principio de Sostibilidade Financeira, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gastos presentes e futuros dentro dos límites do déficit, débeda pública e morosidade da débeda comercial dacordo co establecido nesta lei, a normativa sobre a morosidade e na normativa europea.

Finalmente, terase que avaliar o cumprimento da Regra do Gasto, aos efectos de que a variación do gasto computable non supere a taxa de referencia do crecemento do produto interior bruto (TECPIB), que para o exercicio 2025 quedou establecida no 3,2%.

Con ocasión da Liquidación do Orzamento correspondente ao ano 2025, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local do día 30.03.2026, a Intervención municipal emitiu informe de avaliación do cumprimento da regra de gasto, no cal se pon de manifesto que daquela Liquidación se produciu un incumprimento da Regra do Gasto regulada no artigo 12 da LOEPSF, cun gasto computable total de 3.737.839,59 euros, excedendo en 79.034,17 euros o límite computable máximo; así como a existencia dunha capacidade de financiamento na análise da estabilidade orzamentaria de 175.936,82 euros.

O artigo 21 da LOEPSF establece que en caso de incumprimento da estabilidade orzamentaria, ou da regra de gasto, a Administración incumpridora formulará un plan económico-financieiro que permita o cumprimento no ano en curso e no seguinte, dos obxectivos ou da regra de gasto, debendo ser elaborado o citado Plan no prazo dun mes dende que se constate o incumprimento, debendo proceder á súa aprobación no prazo máximo de dous meses desde a súa presentación e a súa posta en marcha non pode ser superior a tres meses desde que se constate o incumprimento. Daráselle a mesma publicidade que a establecida pola lei para os Orzamentos Municipais.

Unha vez aprobado, deberáse remitir ó Ministerio de Hacienda, a través da aplicación de captura habilitada ó efecto na Oficina virtual para a Coordinación Financiera coas Entidades Locais. O Ministerio dará publicidade ó Plan Económico Financeiro (PEF) e á adopción de medidas aprobadas cun seguimento do impacto que supoñan as mesmas.

#### 2. Contido do Plan e tramitación

Segundo o establecido no apartado 2 do artigo 21 da LOEPSF, o plan económico financeiro conterá, como mínimo, a seguinte información:

a) Causas do incumprimento do obxectivo establecido e, no seu caso, da regra do gasto.

b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.

c) A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, indicando as partidas orzamentarias ou rexistros extraorzamentarios nos que se contabilizarán.

d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basean ditas previsións, en consonancia co contemplado no informe ao que se fai referencia no apartado 5 do artigo 15.

e) Análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.

Terase en conta igualmente o establecido no artigo 116.bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, o cal sinala como medida adicionais ás anteriores:

a) supresión de competencias que exerza a entidade local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación

b) xestión integrada ou coordinada dos servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir ou seus custos

c) Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta a Entidade Local

d) Racionalización administrativa

e) Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio que, no exercicio orzamentario inmediato anterior, incumpran co obxectivo de estabilidade orzamentario ou co obxectivo de débeda pública, ou que o período medio de pago a provedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.

f) Unha proposta de fusión cun municipio colindante da mesma provincia.

Doutra banda, o artigo 9 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na LOEPSF, establece como contido do Plan o seguinte:

a) As medidas correctoras aprobadas, cuantificadas e fundamentadas, sinalando a data da súa implementación, que deberán ser coherentes coa variación interanual das súas previsións orzamentarias respectivas.

b) A estimación e xustificación dos axustes de contabilidade nacional e a coherencia co límite de gasto non financeiro calculado na forma que establece a regra do gasto.

c) A evolución da débeda, o cumprimento do límite de débeda, as magnitudes de aforro bruto e neto, a estimación de saldos de tesourería, o exceso de financiamento afectado e o remanente de tesourería para gastos xerais.

A Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades Locais, para facilitar a elaboración e remisión dos Plans Económico Financeiros (PEF) segundo o disposto no artigo 5 da Orde HAP/2015/2012, introduce un modelo único e normalizado de PEF para a Administración Local. Así, as Corporacións Locais poderán facer unha diagnose e alcanzar os obxectivos da normativa de estabilidade orzamentaria mediante a elaboración e aprobación dun PEF, garantindo o contido dos artigos citados anteriormente.

En canto á **tramitación** terase en conta a aplicación do seguinte calendario:

a) Presentación do Plan Económico-Financeiro ante o Pleno municipal no prazo máximo dun mes dende que se constate o incumprimento.

b) Aprobación polo Pleno municipal no prazo máximo de dous meses dende a súa presentación.

c) A posta en marcha do plan non poderá exceder de tres meses dende a constatación do incumprimento.

d) Remisión do Plan á Comunidade Autónoma así como á Comisión Nacional de Administración Local para o seu coñecemento.

e) Publicación do Plan do mesmo xeito que se establece na lei para os orzamentos da entidade.

Debe terse en conta que, o artigo 28 de Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, acceso á Información Pública e Bo Goberno, establece que, constitúe infracción moi grave en materia de xestión orzamentaria:

- A non presentación ou a falta de posta en marcha en prazo do plan económico-financeiro ou do plan de reequilibrio de conformidade co artigo 23 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril.
- O incumprimento das obrigacións de publicación ou de subministración de información previstas na normativa orzamentaria e económico-financeira, sempre que neste último caso formulouse requirimento.

Neste caso, trátase de intentar que o Plan sexa sometido a aprobación plenaria canto antes, antes de que teñan transcorrido dous meses dende que se constatou o incumprimento descrito; a fin de que poida poñerse en marcha, en todo caso, na segunda metade do ano.

### 3. Situación actual: diagnóstico económico financeiro

A liquidación do orzamento municipal do exercicio 2025 ofrece as seguintes magnitudes:

- A. Remanente de tesourería para gastos xerais: 1.222.369,12 €
- B. Resultado orzamentario antes de axustes: 88.233,67 €
- C. Resultado orzamentario axustado: 262.127,23 €
- D. Estabilidade orzamentaria: capacidade de financiación de 175.936,82 €
- E. Aforro Neto a 31.12.2025: 212.046,19 € (367.855,18 € se descontamos as obrigas financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais)
- F. Porcentaxe débeda viva sobre os ingresos correntes: 5,21%
- G. Período Medio de Pago (PMP) a 31.12.2025: 1,71

En consecuencia, e á vista dos datos anteriores, resulta que o Concello cumpre con todos os apartados do principio de sustentabilidade financeira, salvo o relativo á regra de gasto.

Interesa destacar dúas magnitudes:

1ª O **Resultado Orzamentario do exercicio 2025**, que presenta o seguinte desglose:

CONCEPTO	DEREITOS NETOS	OBRIGAS NETAS	SALDO
Operacións correntes	5.302.596,55	5.062.734,96	239.861,59
Capítulo 6	261.055,21	0,00	261.055,21
Capítulo 7	0,00	345.449,61	345.449,61
<b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	<b>5.563.651,76</b>	<b>5.408.184,57</b>	<b>155.467,19</b>
Activos Financeiros	0,00	0,00	0,00
Pasivos Financeiros	0,00	67.233,52	- 67.233,52
<b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>0,00</b>	<b>67.233,52</b>	<b>-67.233,52</b>
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO TOTAL</b>	<b>5.563.651,76</b>	<b>5.475.418,09</b>	<b>88.233,67</b>
Desviacións negativas financiación (+)			+ 242.902,98
Desviacións positivas financiación (-)			-224.818,41
Gtos financiados con remanente líquido de tesourería			155.808,99
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO</b>			<b>262.127,23</b>

Pode verse que o resultado antes de axuste foi positivo, non nunha cifra moi elevada, pero isto permite determinar que os ingresos por operacións financeiras foron suficientes para cubrir os gastos desta mesma natureza e o excedente permitiu tamén cubrir a diferenza entre ingresos e gastos financeiros. Neste caso, por canto que a amortización de préstamos PAI que se reflexa no apartado de obrigas de pasivos financeiros, foi financiada con subvención da Deputación reflexada contablemente como ingreso non financeiro (capítulo 4 de ingresos). E, por outra banda, o concello empregou remanente de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación 2024 para asumir novos ou maiores gastos, de xeito tal que o importe de gastos financiados con dito remanente fixouse en 155.808,99€. É dicir, tratouse de gastos que non foron financiados con ingresos do exercicio 2025.

Cómpre indicar que, exercicio tras exercicio, o concello ven empregando esta fonte de financiación (remanente de tesourería para gastos xerais) para dar cobertura a novos ou maiores gastos que se producen durante o exercicio e que o orzamento inicial non lles pode dar cobertura. Neste exercicio 2025 isto agravouse polo feito de que estivemos traballando co orzamento prorrogado do exercicio anterior.

2ª A existencia de **facturas rexistradas, a 31.12.2025, na conta 413.**

Tal e como consta nos informes de intervención elaborados con ocasión do expediente da liquidación do orzamento 2025, *Sí consta a existencia de FACTURAS PENDENTES DE APROBACIÓN, que se corresponden con gastos realizados no exer-*

cicio 2025, pero a aprobación dos cales levarase a cabo con cargo ao orzamento do exercicio 2026. Tal relación de facturas supón un total de 210.815,34€ (237.483,80€ saldo a 31.12.2025 en conta 413 - 26.668,46€ que corresponden a gastos de servizos periódicos do mes de decembro de cada ano que realmente impútanse ao exercicio seguinte a aquel ao que se refiren, de aí que se descuenten). No exercicio 2024 a cifra fora moi inferior, 24.774,99€. E no exercicio 2023 alcanzárase a cifra de 218.989,45€, debido a que nos últimos meses do ano 2023 entraran certificacións de obra que xa non puideran tramitarse no dito ano.

Todo isto da lugar a que proceda realizar un axuste de cara aos cálculos da estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, pola diferenza entre ámbolos dous saldos a 31 de decembro. O importe do dito axuste é de + 186.040,35€.

Sucede entón que a 31.12.2025 o saldo final desta conta supuxo realizar un axuste positivo como maior gasto pendente de imputar ao exercicio 2025. E isto ocasionou o incumprimento da regra de gasto no importe de **79.034,17 €**.

Básicamente, tratouse da existencia de facturas relativas a uns gastos extraordinarios producidos como consecuencia de:

- a avaría producida no subministro eléctrico dunha depuradora, de xeito tal que o Concello non dispuxo de crédito adecuado e suficiente para tramitar este gasto extraordinario. E isto por canto que foi necesario alugar un grupo electrógeno en tanto non se adquirira un novo transformador.
- os consumos excesivos de auga que se produciron durante o segundo semestre do ano, e que aumentaron a facturación da empresa EMAFESA.

Polo demáis, e se tomamos en consideración a evolución da execución orzamentaria dos últimos exercicios, resulta o seguinte:

a) As cifras de obrigas recoñecidas nos exercicios 2023 e 2025 son as seguintes:

GASTOS ORZAMENTARIOS	O.R.N 2025	O.R.N 2024	O.R.N 2023
1. Gastos de persoal	1.142.024,06	1.243.079,21	1.209.054,30
2. Gtos bens corr. e serv.	3.705.207,68	3.431.111,73	3.676.126,59
3. Gastos financeiros	6.537,52	2.274,65	2.547,80
4. Transfer. Correntes	208.965,70	134.966,32	169.483,07
5. Fondo Contixencia	0,00	0,00	0,00
6. Inversións reais	345.449,61	583.319,34	583.102,36
7. Transfer. de capital	0,00	9.981,02	0,00
8. Activos financeiros	0,00	7.090,95	7.442,13
9. Pasivos financeiros	67.233,52	22.566,46	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>5.475.418,09</b>	<b>5.434.389,68</b>	<b>5.647.756,25</b>

Como pode verse o capítulo que máis gasto soporta é o capítulo 2, o cal irase agravando polas subidas de prezos e a necesidade de licitar novos contratos ou contratos que xa están vencidos, e que suporán que o seu prezo tamén vai aumentar.

Entón, e dados os recursos limitados do Concello, este aumento de capítulo 2 terá que compensarse con diminución en capítulos 4 (otorgamento de subvencións) e/ou investimentos reais que se financien con fondos propios. E isto por canto que o capítulo 1 de gastos de persoal, ten unhas posibilidades máis limitadas de redución. En todo caso, pode plan-tearse de cara ao vindeiro orzamento, amortizar algún posto (auxiliar administrativo) que non está ocupado e que tampoco se prevé cubrir, tendo en conta que tras o proceso de estabilización levado a cabo nun exercicio anterior, o Concello conta xa con tres auxiliares administrativas.

b) E as cifras de dereitos recoñecidos nos exercicios 2023 e 2025 son as seguintes:

INGRESOS ORZAMENTARIOS	D.R.N 2025	D.R.N 2024	D.R.N 2023
1. Impostos directos	1.157.489,78	1.074.089,64	1.247.806,27
2. Impostos indirectos	30.355,58	41.054,46	42.131,05
3. Tasas outros ingresos	922.654,70	907.799,64	1.012.691,30
4. Transf. correntes	3.179.928,21	2.887.136,97	2.782.367,82
5. Ingresos patrimoniais	12.168,28	1.830,33	545,20
6. Enaxen.invers.reais	0,00	0,00	0,00
7. Transf. de capital	261.055,21	420.671,75	117.221,25
8. Activos financeiros	0,00	7.090,95	13.447,71
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>5.563.651,76</b>	<b>5.339.673,74</b>	<b>5.216.210,60</b>

Interesa destacar que no exercicio 2025 aumentou de xeito considerable o capítulo 4 de ingresos ao existir maior volumen de subvencións concedidas por outras administración, destacando o plan provincial POS+ que contemplou un adicional a finais do exercicio que o concello destinou, en parte, a dar cobertura a gasto corrente. En consecuencia, e á vista dos resultados que se alcanzaron, o Concello ten que intentar aumentar os seus ingresos por impostos e taxas que constitúen os seus fondos propios, por canto que no momento en que se produza unha baixada dos ingresos que outras Administracións están a conceder, vía subvención, podería haber problemas para financiar servizos básicos.

En todo caso, pode observarse como os dereitos recoñecidos foron superiores ás obrigas recoñecidas, pero a marxe de diferenza non é moi elevada. Esta situación estaría ben, no senso de que o Concello tería executado os seus gastos tendo en conta os ingresos cos que contaba, se non houbera facturas pendentes de aprobar a 31.12.2025.

c) E o detalle que presenta a magnitude do **Remanente de Tesourería** nestes tres últimos exercicios é a seguinte:

	2025	2024	2023
<b>1. (+) Fondos líquidos</b>	<b>1.234.871,22</b>	<b>1.186.580,89</b>	<b>1.061.683,27</b>
<b>2. (+) Debedores pendentes de cobro:</b>	<b>409.414,65</b>	<b>596.599,54</b>	<b>715.614,96</b>
-De Pto. Corrente	177.763,92	264.579,30	388.335,17
-De Ptos. Pechados	231.650,73	332.020,24	327.105,56
-De operacións non presupostarias	0,00	0,00	174,23
<b>3. (-) Acredores pendentes de pago:</b>	<b>301.019,05</b>	<b>506.050,91</b>	<b>262.317,01</b>
-De Pto. Corrente	8.255,12	251.368,17	20.260,09
-De Ptos. Cerrados	143.378,37	111.778,80	95.441,08
-De operacións non presupostarias	149.385,56	142.903,94	146.615,84
<b>4. (-)/(+) Partidas pendentes de aplicación:</b>	<b>-5.515,34</b>	<b>-27.153,91</b>	<b>-167.945,01</b>
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	5.516,08	- 30.091,34	173.318,56
(+) Pagamentos realizados pendentes de aplicación definitiva	0,74	2.937,43	0,00
<b>5. Remanente de Tesourería Total</b>	<b>1.337.751,48</b>	<b>1.249.975,61</b>	<b>1.347.036,21</b>
6. Saldos de dubidoso cobro	85.911,65	113.043,28	107.597,70
7. Exceso de Financiación Afectada	29.470,71	43.694,57	19.242,90
<b>8. Remanente de Tesourería para Gastos Xerais</b>	<b>1.222.369,12</b>	<b>1.093.237,76</b>	<b>1.220.195,61</b>

Como pode comprobarse, a cifra desta magnitude pon de manifestó unha boa situación financeira do Concello, pero ocorre que o seu emprego debe facerse garantindo o cumprimento da estabilidade orzamentaria e da regra de gasto.

#### 4. Causas do incumprimento da regra de gasto

A causa de incumprimento da regra de gasto derivase dun maior gasto motivado pola existencia de facturas rexistradas a 31.12.2025 na conta 413 e que non puideron ser aprobadas no dito exercicio por falta de tempo para a súa tramitación ou por falta de crédito. En todo caso, foran aprobadas no exercicio 2025 ou teñan que ser aprobadas agora no exercicio 2026, resultaría igualmente un incumprimento da regra de gasto, dado o seu importe e a pouca marxe de que dispón o Concello, á vista do grado de execución de ingresos e gastos.

Así, resultou unha variación do gasto computable da entidade local superior (5,43%) á taxa de crecemento de referencia do PIB da economía española para 2025 (3,2%).

O cálculo da regra de gasto 2025 presentaba o seguinte detalle:

	<b>CÁLCULO DA REGRA DE GASTO (art. 12 Lei Orgánica 2/2012)</b>	<b>Liquidación 2024</b>	<b>Liquidación 2025</b>
=	<b>A) EMPREGOS NON FINANCEIROS (SUMA DE CAPÍTULOS 1 A 7)</b>	5.404.732,27	5.408.184,57
(-)	Intereses da débeda	0,00	0,00
=	<b>B) EMPREGOS NON FINANCEIROS (excepto intereses da débeda)</b>	<b>5.404.732,27</b>	<b>5.408.184,57</b>
(-)	Alleamento		
(+/-)	Investimentos realizados por conta da Corporación Local		
(-)	Investimentos realizados pola Corporación Local por conta doutras AAPP		
(+)	Execución de Avais		
(+)	Achegas de capital		
(+)	Asunción e cancelación de débedas		
(+/-)	Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	-194.214,46	186.040,35
(+)	Pagos a socios privados no marco de Asociacións público privadas		
(+/-)	Adquisicións con pago aprazado		
(+/-)	Arrendamento financeiro		
(+)	Préstamos errados		
(+/-)	Grao de execución do Gasto		
(-)	Axustes Consolidación orzamentaria		
(-)	Gastos financiados con fondos finalistas UE / AAPP	-1.665.163,72	-1.856.385,33
(-)	Investimentos Financieramente Sustentables		
(+/-)	Outros		
=	<b>D) GASTO COMPUTABLE</b>	<b>3.545.354,09</b>	<b>3.737.839,59</b>
(-)	Aumentos permanentes de recadación (art. 12.4)		
(+)	Reducións permanentes de recadación (art. 12.4)		
=	<b>E) GASTO COMPUTABLE AXUSTADO ano n = Gº computable +/- Aumento/redución permanente recadación</b>		<b>3.737.839,59</b>
a	Variación do gasto computable		
b	Taxa de referencia crecemento PIB m/p		3,20%
	Límite permitido de gasto aplicada a taxa de referencia		3.658.805,42
	<b>RESULTADO:</b>		
	<b>INCUMPRE A REGRA DE GASTO</b>		
	<b>EXCESO DE GASTO RESPECTO AO LÍMITE DA TAXA DE REFERENCIA</b>		<b>79.034,17</b>

## 5. Sustentabilidade financeira e débeda comercial

Segundo o establecido no artigo 4 da LOEPSF, se entende por sostibilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ó establecido nesta lei, na normativa sobre morosidade e na normativa europea.

A instrumentación que o artigo 13 da LOEOSF realiza do principio de sostibilidade financiera se materializa na obriga para as entidades locais de non superar un límite para a débeda pública.

O Concello de Neda, non ten endebedamento, polo que o seu importe de débeda viva, en términos PDE, é 0 euros. Os únicos préstamos pendentes de devolución son os préstamos PAI concedidos en exercicios anteriores pola Deputación Provincial para financiar investimentos, e que se están amortizando dende o exercicio 2024 con cargo ao POS+.

Por outra banda, e segundo o establecido no artigo 4 da LOEPSF, se entende por sostibilidade da débeda comercial que o período medio de pagamento aos provedores (PMP), non supere o prazo máximo de 30 días previsto na normativa sobre morosidade.

Datos relativos ao 4º trimestre 2025:

Ratio operacións pagadas: 1,71 días

Importe pagos realizados: 959.481,61euros

PMP: 1,71

Con ocasión do envío dos datos relativos ao primeiro trimestre 2026, estas cifras aumentaron, resultando o seguinte:

Ratio operacións pagadas: 2,77 días

Importe pagos realizados: 491.856,07euros

PMP: 20,98

como consecuencia de que aínda non foron aprobadas as facturas que forman parte da conta 413, pero estímase que no envío correspondente ao segundo trimestre do exercicio xa se volte ás cifras anteriores.

## 6. Medidas a adoptar para correxir a situación

Tendo en conta a causa do incumprimento da regra de gasto derivado da liquidación do exercicio 2025, e considerando o dato das magnitudes expostas en apartados anteriores, cómpre sinalar que, en liñas xerais, non se observa ningún problema estrutural no gasto desta entidade que de lugar á necesidade de adoptar algunha das medidas extraordinarias de contención do gasto ou incremento de ingresos, xa que a adopción de tales medidas abocaría a unha liquidación dos orzamentos de 2026 e 2027 cun maior remanente líquido de tesourería positivo e isto suporía entón, unha ineficiencia no uso dos fondos públicos.

En consecuencia, e dado que non se precisa de medida correctora algunha, por canto que as cláusulas do incumprimento non veñen dadas por unha situación estrutural, este Plan ten entón unha natureza explicativa pero non correctiva.

Mediante a aprobación do presente plan adquirese o compromiso de non incumplir nin a estabilidade orzamentaria nin a regra de gasto nos exercicios 2026 e 2027, executando tales orzamentos por debaixo do límite máximo previsto no apartado 7 deste plan.

Por outra banda, e dado que o Concello sigue a contar cunha cifra importante do recurso do remanente de tesourería para gastos xerais, o seu emprego deberá facerse de xeito planificado, intentando que tal uso respecte igualmente o cumprimento da estabilidade orzamentaria e da regra de gasto a 31.12 de cada un dos exercicios 2026 e 2027.

E, por último, hai que tratar de que todas as facturas relativas a gastos producidos nun exercicio se presenten no dito exercicio con tempo suficiente para a súa aprobación, evitando na medida do posible, a existencia de saldos en conta 413 a 31 de decembro. E seguir traballando en canto a planificar o gasto e poder tramitar a tempo expedientes de contratación ou propostas de gasto que permitan dispoñer do crédito necesario para poder aprobar os mesmos. E, de ser necesario tramitar modificacións orzamentarias para elo, que isto poida realizarse con tempo suficiente para poder aplicarlas ao orzamento de cada exercicio, permitindo verificar a estimación do cumprimento da estabilidade orzamentaria e da regra de gasto a 31 de decembro de cada un dos exercicios aos que afecta este PEF.

En consecuencia, as medidas propostas son as seguintes:

- Aprobar o orzamento cumprindo os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de regra de gasto, xestionando coa máxima atención o cumprimento destas regras.

- Limitar, nos anos 2026 e 2027, a utilización do recurso do Remanente de Tesourería para a financiación de gastos, e en caso de necesidade, destinalo a inversión financeiramente sostible para poder así asegurar o cumprimento das regras fiscais.
- Procurar que na realización de investimentos se teña asegurada que a maior parte da súa financiación corresponda a outras administracións públicas.
- Axustar a execución de gastos e ingresos do orzamento, levando a cabo controis con certa periodicidade, a fin de adoptar medidas de recorte do gasto, se fora necesario, para cumprir os obxectivos marcados neste plan.
- Evitar saldos excesivos en conta 413, executando os gastos de xeito tal que todas as facturas relativas a gastos producidos nun exercicio se presenten no dito exercicio, con tempo suficiente para a súa aprobación,

## 7. Previsión tendencial

A proxección sen medidas correctoras nos vindeiros exercicios 2026 e 2027 sería a que se expón a continuación. Para estimar estes datos tivemos en conta o seguinte:

- Os datos resultantes da liquidación do exercicio 2025.
- O proxecto de orzamento que se está a elaborar para o exercicio 2026.
- Os datos informados con ocasión do envío dos Plans Orzamentarios 2027 -2029.
- O emprego que se ven facendo en anos anteriores do recurso do remanente de tesourería para gastos xerais.
- O límite da regra de gasto que resulta para os exercicios 2026 e 2027, a partir do dato do gasto computable resultante da liquidación do exercicio 2025, e da aplicación das taxas de crecemento previstas (3,5% para o exercicio 2026 e 3,4% para o exercicio 2027).
- Non se prevé neste horizonte temporal un aumento de presión fiscal
- Considérase traballar cun importe a percibir doutras Administracións vía subvencións, en contías similares as obtidas no exercicio 2025, que poden diminuír un pouco en 2027 (tanto porque non sabemos que pasará cos plans provincias POS+ xa que hai eleccións municipais no vindeiro exercicio, como polo que sucederá cos ingresos vía Participación en Tributos do Estado).
- Estimamos un incremento de gastos dun exercicio para o seguinte en torno a un 3%, pero para o variación de ingresos, e por prudencia, estimamos un incremento do 2%.

En base a todo o anteriormente exposto, resultaría o seguinte:

- Estabilidade orzamentaria

Exercicio	Ingresos non financeiros 2%	Gastos non financeiros 3%	Axustes entidade	Capacidade/necesidade de financiación
2025	5.563.651,76	5.408.184,57	+ 20.469,63	+ 175.936,82
2026	5.674.924,79	5.570.430,11	0,00	+ 104.494,68
2027	5.788.423,29	5.737.543,01	0,00	+ 50.880,28

Por prudencia, non estimamos axuste algún, tendo en conta que unha das medidas que se pretende aplicar consiste en tratar de diminuír o saldo a 31.12.2025 da conta 413.

- Respecto á regra de gasto, coa adopción das medidas sinaladas anteriormente, a evolución do seu cumprimento para os exercicios 2026 e 2027 sería a seguinte:

Exercicio	Gasto computable n-1	Taxa referencia	Límite regra de gasto n	Gasto computable n	Cumprimento regra
2025	3.545.354,09	3,20	3.658.805,42	3.737.839,59	-79.034,17
2026	3.737.839,59	3,50	3.868.663,97	3.868.663,97	0,00
2027	3.868.663,97	3,40	4.000.198,54	4.000.198,54	0,00

- Respecto da evolución da débeda, non existe débeda viva neste concello en términos PDE, e non está prevista tampouco operación de endebedamento algunha nos próximos exercicios; co cal enténdese que cumpriría co límite de débeda sen necesidade de realizar previsión algunha.
- Estímase que o resultado orzamentario axustado será positivo como ven sucedendo nestes últimos exercicios,

Os gastos financiados con remanente de tesourería para gastos xerais en cada un destes exercicios (tendo en conta a cifra coa que se traballou no resultado orzamentario) foi de:

Exercicio	Importe
2025	155.808,99
2024	200.223,75
2023	299.327,14

De xeito tal que se durante os vindeiros exercicios 2026 e 2027 se optara por empregar o recurso do remanente de tesourería para gastos xerais, haberá que facelo de xeito tal que se cumpra coa estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto a 31 de decembro de cada un dos vindeiros dous exercicios.

#### 8. Control e seguimento do Plan

O control e seguimento do Plan será realizado polo órgano de tutela financeira da Xunta de Galicia, a través dos informes de intervención trimestrais, semestrais ou anuais (de aprobación de orzamentos, de liquidación de orzamentos, obrigas trimestrais de remisión de información económico-orzamentaria, etc) nos que se poña de manifesto si están a cumprirse os obxectivos marcados no propio Plan.

#### Conclusións

Analizada a situación económica do Concello de Neda, pódese afirmar que a Entidade conta cunha boa situación financeira, Concello saneado e con magnitudes orzamentarias positivas, polo que a xestión dos orzamentos actual e futuros, deberá ter en conta, sobre todo no momento de iniciar a tramitación de expedientes de modificación orzamentaria (especialmente os financiados co recurso do remanente de tesourería), que as obrigas que se recoñezan deberán ser compatibles cos límites de gasto non financeiro determinados mediante a aplicación da regra de gasto e asegurar o cumprimento da estabilidade orzamentaria.

Mediante a aprobación do presente plan, adquirese o compromiso de non incumplir a regra de gasto nos exercicios 2026 e 2027, executando gasto por debaixo do límite máximo previsto no anexo a este Plan.

Vila de Neda, 25 de maio de 2026

O alcalde

Ángel Alvariño Saavedra

2026/3444